

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

RESOLUCIÓN do 14 de xaneiro de 2022, da Área de Deseño de Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación do expediente de información pública do proxecto de construción de adaptación ao Plan de baixa IMD mellorada da PO-234, puntos quilométricos (p.q.) 2+580 (Laxoso)-4+150 (cruzamento do Portasouto), de clave PO/16/139.10.1.

O director da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Orde do 7 de setembro de 2017, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de setembro de 2017), vistos os informes das administracións afectadas no trámite de información pública, ditou o 12 de xaneiro de 2022 a seguinte resolución:

Resolución pola que se aproba o expediente de información pública do proxecto de construción de adaptación ao Plan de baixa IMD mellorada da PO-234, puntos quilométricos (p.q.) 2+580 (Laxoso)-4+150 (cruzamento do Portasouto), de clave PO/16/139.10.1.

Antecedentes de feito:

Primeiro. A actuación obxecto do proxecto consiste na adaptación da estrada PO-234 ao Plan de baixa IMD mellorada, no treito comprendido entre os p.q. 2+580 (Laxoso) e 4+150 (cruzamento do Portasouto), que consistirá en:

- Mellora puntual do trazado e a ampliación da calzada ata os 7 m de largo coa conseguinte reposición do seu firme.
- Mellora das interseccións cos viais públicos.
- Execución de cunetas de seguridade e mellora da drenaxe transversal e lonxitudinal.
- Reposición da sinalización horizontal e vertical e das barreiras de seguridade flexibles.

Segundo. No *Diario Oficial de Galicia* núm. 154, do 12 de agosto de 2021, publicouse o Anuncio do 29 de xullo de 2021 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de adaptación ao Plan de baixa IMD mellorada da PO-234,



p.q. 2+580 (Laxoso)-4+150 (cruzamento do Portasouto), de clave PO/16/139.10.1, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. As administracións afectadas emitiron os correspondentes informes e as persoas interesadas formularon alegacións no trámite de información pública. A todas elas déuselles resposta motivada, segundo figura no informe que consta no expediente, que foi notificado ás administracións ás cales se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentaron alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro. A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade é competente para resolver os expedientes de información pública en materia de estradas e informes das administracións afectadas, de acordo co Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Esta competencia atópase delegada na persoa titular da dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o artigo 8.1.b) da Orde do 7 de setembro de 2017 sobre delegación de competencias no secretario xeral técnico e noutros órganos e entidades públicas adscritos a esta consellería (DOG nº 179, do 20 de setembro).

Segundo. O artigo 21.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece que transcorridos os prazos dos trámites de información pública e informe das administracións afectadas e recibidas as alegacións e informes presentados darase resposta motivada ás alegacións formuladas. O informe resultante poñerase á disposición das persoas interesadas e notificarase ás administracións ás cales se lles deu trámite de informe e aos particulares que presentasen alegacións. Finalmente, resolverase tamén sobre a aprobación do expediente de información pública.

Terceiro. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, someteuse a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

De acordo con todo o exposto, e tralos informes, alegacións e certificados presentados,

RESOLVO:

Aprobar o expediente de información pública de adaptación ao Plan de baixa IMD mellorada da PO-234, p.q. 2+580 (Laxoso)-4+150 (cruzamento do Portasouto), de clave PO/16/139.10.1, mantendo o trazado proposto como definitivo.



Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2022

Carlos Lefler Gullón
Xefe da Área de Deseño de Infraestruturas

